

Sabes que é a Enfermidade Celíaca?



A Enfermidade Celíaca (EC) é unha enfermidade multisistémica con base autoinmune provocada polo glute e prolaminas relacionadas en individuos xeneticamente susceptibles, caracterízase pola presenza dunha combinación variable de: manifestacións clínicas dependentes do glute, anticorpos específicos de EC, halotipos HLA DQ2 ou DQ8 e enteropatía.

É a enfermidade crónica intestinal máis frecuente en España. Padécena individuos xeneticamente predispostos, tanto nen@s coma persoas adultas.

A inxestión de glute nas persoas celíacas produce unha atrofia das vilosidades intestinais que leva consigo unha mala absorción dos nutrientes (hidratos de carbono, proteínas, vitaminas, sales minerais, graxas...) e como consecuencia, desnutrición.

Os síntomas máis comúns son: perda de apetito e peso, diarrea crónica, distensión abdominal, alteracións de carácter e atraso do crecemento nos nenos. Non obstante, os síntomas poden ser atípicos ou estar ausentes, o que dificulta o diagnóstico.

O único tratamento é a dieta estrita sen glute de por vida

Nunca debe retirarse o glute da dieta dunha persoa sen ter o diagnóstico definitivo.

Se tes dúbidas, contacta connosco!



Asociación de Celíacos de Galicia

www.celiacosgalicia.es

981 104 467 - 679 461 003

info@celiacosgalicia.es